



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO BURGO DE TRASBAR

En Cervo a 4 de outubro de 2016

De unha parte, M^a Carmen Alonso Fernández con DNI 34.637.252 B , en calidade de vicepresidenta da asociación de veciños do Burgo de Trasbar con NIF G27420470.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde do Concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o Concello de Cervo, en exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, está interesado en promover e colaborar coa realización da festa de Santa Eufemia de Trasbar 2016.

SEGUNDO: Que a asociación de veciños do Burgo de Trasbar como organizadora da dita festa solicitou do Concello unha axuda económica para sufragar os gastos derivados da mesma.

En base ó anteriormente exposto, o Concello de Cervo e a asociación de veciños do Burgo de Trasbar asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración económica entre o Concello de Cervo e a asociación de veciños do Burgo de Trasbar para a realización da festa de Santa Eufemia de Trasbar 2016.

Segunda.- O Concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 1.500 € con cargo á partida 338.48906 á asociación de veciños do Burgo de Trasbar para a realización da dita festa.



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

Terceira.- A asociación de veciños do Burgo de Trasbar comprométese a xustificar os gastos subvencionados mediante as correspondentes facturas orixinais ou copias compulsadas ata un importe do total do subvencionado no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da concesión da subvención, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso o órgano competente, e comunicar ó Concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas

Cuarta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio
- A falta de xustificación da subvención concedida.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde

Vicepresidenta da "asociación de veciños do Burgo de Trasbar"

Alfonso Villares Bermúdez

M^a Carmen Alonso Fernández